



NA PROCURA DAS PAISAXES MEGALÍTICAS E DO MUNDO DOS HILLFORTS

VIAXE DA SAGA A GRAN BRETAÑA



Durante o pasado mes de febreiro viaxamos á máis grande das illas británicas co gallo de prospectar aquela terra na procura dalgúns dos escenarios máis sobranceiros que conforman a súa paisaxe e que ilustran, como poucos sitios no mundo, o feito de que para as sociedades tradicionais, como foron todas as antigas, o entorno xeofísico tivo sempre a propiedade de interpelar ás comunidades que o habitaban de maneira que, mediante o diálogo establecido, os diversos horizontes posuíron calidades animadas que emanaban da paisaxe mesma. Todo tiña unha causa que podía ser apprehendida.

Así, tódalas sociedades pasadas, e moitas das actuais, estableceron unha dialéctica co seu cosmos, moitas veces enigmático e inevitablemente omnipresente. Daquela dinámica xorde tamén, dunha banda, a necesidade humana de xestión tendente a

inducir ou propicia-lo equilibrio no sistema de forzas en xogo e doutra, a vontade de intervención e control fronte ás realidades extra-humanas tanto como perante as supra-humanas que condicionan tódolos

aspectos vitais da existencia.

Aló comprobamos como a paisaxe e as súas características foron aproveitadas e modificadas para a elaboración dun discurso ou proceso comunicativo no que grandes imaxes físicas, significantes semióticos xa que logo, se atopan dispostas cunha clara intención de producir un significado.

Podería dar conta este conxunto de signos dun sistema simbólico precedente? Pode ser que este esforzo titánico que tende cara á hipertrofia dunha parte da



*Interior do túmulo West Kennet
long barrow*



Cromlech Druid circle, nas montañas galesas de Snowdonia

SAGA

Sociedade Antropolóxica Galega
Galician Anthropological Society

www.antropoloxiagalega.org

<http://sociedadeantropoloxicagalega.wordpress.com>

infosaga@antropoloxiagalega.org



cultura material dos elementos, megalíticos e posteriores, fose pensada así como unha recreación ou reconstrución simbólica dunha paisaxe mítica e orixinaria? Que relación pode haber entre un megalitismo máis comedido e simbólico como o galego e outros máis conspicuos e cheos de significantes como o das illas?



Menhir galés



Menhires do xigantesco cromlech e henge de Avebury

Con estas e outras cuestións, a SAGA realizou esta viaxe exploratoria na procura deses signos que dan conta do corpus simbólico de coñecemento (valores, crenzas, certezas...) que termou da arquitectura ideolóxica daquelas sociedades antigas entre as que se contaron tamén nalgún día, as paleosociedades e as protosociedades que deron lugar á sociedade galega tradicional. Cando menos dende os inicios do período megalítico atlántico —orixinado no noroeste peninsular ibérico— Galicia ten participado con máis ou menos intensidade segundo os tempos, nun proceso de deseño, creación e intercambio de contidos culturais comúns nesta beira do Océano.

Por elo pensamos que moitas das claves que



Fosos e parapetos do hillfort de Old Sarum



Colina artificial de Silbury Hill

poden ser útiles para contextualizar e, xa que logo, coñecer mellor moitos aspectos da cultura galega, sería axeitado ilas procurar nun marco máis amplo, un marco cultural que, sendo diferente, comparte con nós un saudable "aire de familia" que fai máis rica a nosa identidade e singularidade como cultura.

Viaxamos así polos mundos de vivos e mortos que tan "galegos" nos resultan. Tamén polos outeiros na beira do mar onde

vimos castros coma os nosos, e polas chairas onde inzan os megálitos e as paisaxes do alén. Un percorrido que iremos pois devalando nos vindeiros meses coa axuda das poderosas imaxes fotográficas e mentais que aló apañamos co albo de compartilas mediante os medios da SAGA.





XORNADAS SOBRE O ENTROIDO DE GALIZA



Programa das XORNADAS:



O pasado 22 de febreiro remataron cun grande éxito de participación as "Xornadas sobre o Entroido en Galiza" que organizamos a Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA) coa colaboración do Concello de Pontevedra e a Universidade de Vigo que cedeu as instalacións. As xornadas complementáronse cunha exposición de traxes, fotografías e outros elementos relacionados co Entroido galego co fin de achegar á cidadanía e a todos aqueles que asistiron ós relatorios unha pequena mostra da riqueza e variedade das distintas formas de expresión do noso Entroido.



De esquerda a dereita: Antonio Vázquez, José Ángel Rosales, Rafael Quintía e Miguel Losada

Os dous días que estivo aberta a exposición contou con grande afluencia de público e os relatorios gozaron dun aforo cheo, cousa que nos satisface enormemente e que nos anima a seguir traballando nesta liña e neste tipo de formatos divulgativos.

O xoves 21 interviron:

Antonio Vázquez (músico tradicional), co relatorio *"O Entroido urbano en Pontevedra"*

José Ángel Rosales (etnógrafo e músico tradicional), co relatorio *"O Entroido en Vilaboa, madamas e galáns"*



Miguel Losada (secretario da SAGA), co relato-
rio *"O Entroido en terras de Ourense"*



O venres 22 interviron:

Benito Salgado (músico tradicional e cigarrón)
que falou do traxe de cigarrón e da **fabricación
de máscaras de cigarrón**, xa que o artesán
Nelson Salgado a última hora non puido asistir
por un problema de saúde.



Xerardo Santomé (antropólogo e músico tradi-
cional) co relato: *"O merdalleiro"*



Os vídeos correspondentes ás distintas interven-
cións están dispoñibles no noso blog e no noso
canal de youtube.



IMAXES DA EXPOSICIÓN SOBRE O ENTROIDO enmarcada nos actos das "XORNADAS SOBRE O ENTROIDO DE GALIZA" Organizadas pola Sociedade Antropolóxica Galega



A exposición *"Entroido en Galiza"* estivo aberta durante os días 21 e 22 de febreiro na Casa das Campás de Pontevedra, edificio para fins culturais pertencente á Universidade de Vigo. A devandita exposición foi concibida como un complemento das *"Xornadas sobre o Entroido de Galiza"* co fin de achegar á cidadanía e a todos aqueles que participaron nas xornadas unha pequena mostra da riqueza do noso Entroido en canto a personaxes, celebración, simbolismo, ritos e expresións culturais vencelladas a este ciclo do ano que hoxe coñecemos como Entroido. Tanto as xornadas como a exposición foron organizadas pola Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA) coa colaboración do Concello de Pontevedra e a Universidade de Vigo que cedeu as instalacións.



Traxe de Maragato



Traxe de Zamarranqueiro de Cualedro



Proceso de fabricación dunha máscara de Cigarrón



Máscara de pan





21 DE MARZO: CELABRÁMO-LO DÍA MUNDIAL DA ÁRBORE COA PLANTACIÓN SIMBÓLICA DE ÁRBORES AUTÓCTONAS

A Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA) celebrou o Día Mundial da Árbore plantando unha árbore autóctona en cada provincia de Galicia como acto simbólico a prol da recuperación dos nosos bosques autóctonos e da nosa paisaxe tradicional, aquela sobre a que se forxaron moitos dos nosos mitos, das nosas lendas e da nosa propia historia e identidade.

Porque todo bosque comezou cunha árbore!!

EN PONTEVEDRA:



De esquerda a dereita: os compañeiros da SAGA Toño Vázquez e Rafa Quintía xunto con Miguel da Comunidade de Montes de San Martiño de Salcedo a carón da cerdeira que plantaron no monte de San Martiño de Salcedo. Pontevedra

Os amigos da SAGA Rosalía Rodríguez e Xosé Feijoó mandaron un fermoso vídeo plantando un carballo no Monte da Fracha, Pontevedra.

NA CORUÑA:



O amigo da SAGA Eugenio Karkallón xunto o carballo que plantou no Monte Das Arcas, parroquia de Morás.



Pedro G. Losada e colegas poñendo un teixo, (Taxus bacatta L.) perto de Santo André de Teixido

EN LUGO:



O compañeiro David Outeiro e o seu can Bran a xunto ó teixo que plantaron en terras de Bullón.

David achéganos ó seguinte texto sobre o teixo:

A elección non é casual, posto que o Teixo está vencellado a estas terras. As Terras de Burón teñen a súa orixe etimolóxica no nome dunha antiga tribo galaica, posiblemente a dos Eburóns. A súa testemuña aparece nun fragmento cerámico achado no castro do Chao de Sanmartín: "Os (E?)buroflavienses desexan sorte aos de Ocela". O nome céltico, compartido cunha tribo gala, significa "Os do Teixo". A árbore está moi presente nas crenzas, mitos e



ritos célticos. Coñecido é o episodio do Monte Medullio, no que aqueles que aínda resistían ao invasor romano decidiron suicidarse empregando un preparado do teixo (presenta sustancias tóxicas). César conta na Guerra das Galias que o rei Catuvolco dos Eburóns suicidouse bebendo un preparado de teixo, nun episodio similar ao galaico. O deus Ogma (O camiño) co epíteto galaico de Bandua (O que ata) era un deus guerreiro e psycompompo asociado a fratrías guerreiras, estaba vencellado ao teixo. Por iso, o seu compañeiro Dagda, tiña o nome de Eochu, epíteto que significa "o que combate co teixo". Mais Ogma tamén era un deus sabio, creador do alfabeto Ogham, que era gravado en polas de teixo. O teixo tamén aparece en lugares sagrados, nas antigas Oenach ou asembleas. A Fundación do Dominio de Tara, antigo texto irlandés, fálanos da xénese deste tipo de territorios en relación a distribución territorial. Conta que Fintan plantou catro bagas, da que plantou ao nordeste xerminou un teixo.

Hoxe en día o simbolismo do teixo pervive nos eidos sagrados e de tránsito ao alén, estando presente ao carón de varias igrexas das Terras de Burón. E non esquezamos que por algo San Andrés é de Teixido.

EN OURENSE:



Os colegas e amigos da SAGA, X.R. Reigada; X. L. Lozano; P. Carballo; R. Castro; E. Castro; C. Videferre, tamén fixeron plantacións rituais.

Neste caso reintroduciron especies autóctonas (Xesta mansa, *Osyris alba* L. e Avelaira, *Corylus* Sp.) en áreas que tiñan sido empobreci-

das na súa diversidade botánica co gallo de facilita-lo aproveitamento económico dos terreos dentro do lexítimo contexto cultural vixente até finais do século pasado.

Actualmente estas terras poden e deben recuperar o potencial biolóxico que poida render conta dos valores e beneficios, outros no contexto actual, respecto dos cales a sociedade no seu conxunto, é lexítima acreedora. A verdadeira xestión é a que resulta coherente co marco cultural de aproveitamento dos recursos. É, pois, aquela que exerce, sempre, a xestión en base ós criterios que o marco cultural de referencia considera relevantes e non esquece que a ausencia de xestión non significa que sexa posible deixala en suspenso, pola contra, significa mala xestión.



O amigo da SAGA Nipis (O Home da Pedra) e os seus colegas plantando abeleiras no regato de Rivas no val do Támega.



*O membro da SAGA Miguel Losada e compañeiros plantando Carballos (*Quercus robur* L. coñecido nestas terras como carballo veríño) no Monte Meda, alto Támega, Ourense.*



Axudando pois, á reintroduci-la complexidade nos degradados biótopos deste monte, que ten sido un importante centro mineiro: estaño, volframio, tantalio e mesmo probablemente outros minerais, dende hai séculos.

As repoboacións forestais feitas polo "icona" nos anos 50 do S. XX. contribuíron á transformación da paisaxe, aínda que non sempre mediante impactos positivos sobre ela. Os lumes e o desleixo na xestión completan un panorama que, como membros activos da sociedade, podemos e debemos contribuír a mellorar.

A SAGA NAS "I XORNADAS SOBRE PATRIMONIO"

No transcurso das tres semanas que duran estas xornadas organizadas pola asociación Queremos Galego Marín a SAGA presentou o anuario "Fol de Veleno", proxectouse o documental "Sete camiños, encrucillada do tempo" e guiamos a quen así o quixo polo patrimonio e as lendas do roteiro dos Sete camiños



Amigos da SAGA facendo a súa plantación no concello de Vilar de Barrio



PRESENTACIÓN DO ANUARIO "FOL DE VELENO" NAS I XORNADAS SOBRE PATRIMONIO



De esquerda a dereita: os membros da SAGA João Bieites e Rafael Quintía e o presentador do acto (Fran)

O pasado 9 de abril ás 20h presentouse en Marín "Fol de Veleno. Anuario de Antropoloxía e Historia". O acto, enmarcado dentro das "I Xornadas sobre patrimonio" que organiza a asociación Queremos Galego Marín, correou a cargo dos compañeiros Rafael Quintía e João Bieites.




CONFERENCIA DA SAGA NA UNIVERSIDADE NOVA DE LISBOA

Os compañeiros da SAGA Rafael Quintía e Miguel Losada foron convidados pola **Facultade de Ciéncias Sociais e Humanas** e o **Centro de Estudos Galegos de Lisboa** para da-lo 19 de abril unha conferencia na Universidade Nova de Lisboa que levaba por título *"Galiza-Norte de Portugal: un universo simbólico compartido"*.



PRESENTACIÓN DOS PROXECTOS DA SAGA E DO ANUARIO "FOL DE VELENO" NO CENTRO GALEGO DE LISBOA





PROXECCIÓN DO DOCUMENTAL DA SAGA "SETE CAMIÑOS. ENCRUCILLADA DO TEMPO", PRESENTACIÓN DO PROXECTO "ESPAZO NATURAL E ARQUEOLÓXICO DOS SETE CAMIÑOS" E ROTEIRO "SOLPOR NOS SETE CAMIÑOS"

O pasado 27 de abril concluíron as I Xornadas sobre Patrimonio organizadas por Queremos Galego Marín. O xoves 25 ás 20h na Biblioteca Municipal de Marín, proxectouse o documental ESPAZO NATURAL E ARQUEOLÓXICO DOS SETE CAMIÑOS: ENCRUCILLADA DO TEMPO para presentar este proxecto de posta en valor do patrimonio prehistórico, etnográfico e medioambiental. O sábado 27 celebrouse unha andaina moi especial: SOLPOR NOS SETE CAMIÑOS, para apreciar directamente sobre o terreo ese legado marabilloso.



De esquerda a dereita: o membro da SAGA Rafael Quintía, o presentador do acto (Fran), e os membros da SAGA Paz Castro e João Bieites





O MEGALITISMO NO CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA

Xabier Moure. Historiador

Ata non hai moitos anos, o estudo do patrimonio monumental da que na actualidade coñecemos como comarca dos Ancares galegos limitábase, mal que ben, ás construcións erixidas dende a Idade Media (igrexas, castelos, pazos...). En troques, atopar algunha referencia documental a manifestacións culturais anteriores convertíase nun acto de fe: a pegada humana dende o Paleolítico ata a romanización semellaba, senón inexistente, caseque testemuñal.

Para atopar as primeiras noticias sobre o Megalitismo no oriente da provincia de Lugo temos que remontarnos a López Cuevillas que, citando a Vázquez Seijas, fai alusión á mámoa da Casía da Arquela, en A Fonsagrada. Haberá que esperar ao traballo publicado no Boletín do Museo Provincial de Lugo no ano 1986 por Enrique López Fernández, e que xa presentara nunha homenaxe a Cuevillas en Ourense baixo o título *Megalitos y mámoas en el ayuntamiento de Fonsagrada*, cando saían á luz unha mancha de enterramentos que o autor distribúe ao longo deste municipio, un deles situado na Serra de Louxas, lindeira co municipio ancarés de Navia de Suarna. No inventario de bens patrimoniais publicado pola Xunta de Galicia no mes de xullo de 1991, cítanse dúas mámoas en Navia de Suarna, unha situada en Coea, parroquia de Castañedo, e outra na parroquia de Moía. Cifra que nin de lonxe se achega á realidade: Ata o presente levamos localizadas 43 mámoas repartidas en 23 necrópoles.

Os túmulos, ubicados a unha altitude de entre 800 e 1.000 metros sobre o nivel do mar, presen-

tan unha forma tirando a circular, cunhas dimensións que van dende os 12 aos 40 metros de diámetro e unha altura que oscila entre 0,40 e 1,5 metros. Agás catro casos, en todas as mámoas se observa un cráter de violación, máis da metade teñen coiraza pétrea, e só en cinco casos documentamos restos de cámara megalítica construída con laxes de pizarra e/ou cuarcita. O seu estado de conservación é, en liñas xerais, deficiente, estragados polos labores agrícolas, repoboacións forestais, camiños, etc.



O Anta no Alto do Restelo (Navia de Suarna)

Por tratarse dos máis espectaculares, voume deter en tres enterramentos. Trátase duns túmulos situados nos Montes do Restelo, en Ferreirúa (Cabanela) e no Chao do Couso, na Serra de Louxas (Castañedo).

A anta do Restelo forma parte dunha necrópole de cinco mámoas situadas na confluencia dos concellos de Baleira, Becerreá, A Fonsagrada e Navia de Suarna. A mámoa, duns corenta metros de diámetro, agocha no seu interior unha grande anta poligonal composta por sete esteos na cámara (un deles foi desprazado e ató-



pase no centro desta) e outros catro, cortados e situados a ambos os dous lados da entrada, que formarían parte dun corredor pouco desenvolvido. Non se conserva a tampa cobertora. Na base ten unhas medidas de 2 por 1,5 metros. O conxunto está cuberto de fentos, arbustos e árbores plantadas sobre o túmulo.

A anta de Ferreirúas é o enterramento máis espectacular da necrópole da Campa das Penas formada por sete enterramentos, dous pertencentes ao concello de A Fonsagrada e os cinco restantes ao de Navia de Suarna. Dada a coñecer por Enrique López Fernández no traballo citado máis arriba, trátase dunha anta de planta poligonal soterrada nun túmulo, formada por sete ortostatos de pizarra e cuarcita; o maior, o da cabeceira, ten unhas medidas de 1,50 metros

A Necrópole do Chao do Couso, a case 900 metros de altitude sobre o nivel do mar, foi arrasada totalmente. Estaba formada por dúas mámoas cuxos ortostatos das cámaras foron reutilizadas na construción dunha casa. Enrique López Fernández cita varias pezas atopadas no lugar, entre outras unha esfera e unha pedra discoidal de forma cóncavo-convexa.

Canto á distribución, a meirande parte das necrópoles megalíticas de Navia de Suarna están encravadas nuns cordais montañs limítrofes, tanto polo norte coma polo oeste, co veciño municipio de A Fonsagrada, próximos aos camiños, hoxe en día estradas locais, que dende antigo actuaban como eixos de comunicación e en cuxas proximidades se levantaron un bo número de castros, logo reaproveitados durante



Anta de Ferreirúas (Navia de Suarna)

de alto. Ao seu carón, un pouco removida, está a tampa cobertora que mide 1,90 por 1,30 metros; na base ten unhas medidas de 1,50 por 1,60 metros. Dá a impresión de posuír un corredor polo SL. O túmulo, cuberto pola matogueira, pasa dos trinta metros de diámetro.


a romanización. Así, dos vinte e tres campos de mámoas que temos contabilizados ata o presente, vinte atópanse nestas zonas, acollendo un total de corenta tumbas; o resto (tres necrópoles cun só enterramento cada unha) emprázanse en parroquias interiores do concello.



O folclore arredor destes monumentos funerarios é abondoso, relacionado principalmente con tesouros agochados polos mouros e, tamén, polos romanos. Na necrópole do Alto do Restelo, lugar coñecido tamén como A Cruz do Restelo, a Santa Compañía iniciaba a súa procesión nocturna saíndo das mámoas.

Ante a ausencia de políticas encamiñadas a preservar o patrimonio, o estado de conservación

dos enterramentos megalíticos do municipio de Navia de Suarna é malo, constatándose unha falta de sensibilidade por parte dos responsables de velar pola súa posta en valor. De feito, en moitas mámoas obsérvase un deterioro constante debido, principalmente, á acción humana. Dende o punto de vista do que isto escribe, o custo económico que suporía conservar os enterramentos máis vulnerables (que coinciden cos máis espectaculares, léase necrópoles de Ferreirúas e do Restelo) sería mínimo, limitándose a consolidar as estruturas e á limpeza, acoutamento e sinalización dos mesmos. Mais, para iso, cómpre vontade que é, precisamente, do que se carece. Investir no noso patrimonio podería axudar a dinamizar unha comarca condenada ao esquecemento.



*Esfera atopada nunha mámoa de Chan do Couso
Fonte: Enrique López Fernández*





PEREIRAS-VIII (INÉDITO)

Coordenadas:

42.261040806770325,-7.806521058082581

Situación:

<http://m.google.es/u/m/RSh5m5>

DESCRICIÓN:

Trátase dunha peneda duns 6 metros de longo por 3 de ancho e de pouca altura, sendo bastante plana na súa superficie superior.

Nela podemos ver gran cantidade de cazoletas espalladas por toda a súa superficie, con sucros entre elas e varios debuxos de distinta tipoloxía.

Debido a que esta moi chea de brión, non se aprecian moi ben. E un petróglifo inédito, sendo o seu achádeo fortuíto, polo que non se coñece moito.

Sería interesante facer unha limpeza da eneda para poder ver a súa magnitude.

Pereiras VIII	
TIPO DE BEN:	Petróglifo
LUGAR:	Pereiras
PARROQUIA:	Rabeda (Santiago)
CONCELLO:	Taboadela
CRONOLOXÍA:	Idade do bronce
COORDENADAS:	42.261040806770325
	-7.806521058082581
DATA ACHADO:	11-02-2012
DESCUBRIDOR:	J.A.Gavilanes

PETRÓGLIFO NA CHOUZANA SALGUEIROS (INÉDITO)

Coordenadas:

42.24222242832184,-7.738645076751709

Situación:

<http://m.google.es/u/m/dFWZPV>

DESCRIPCIÓN:

Saíndo de Salgueiros cara a Baños de Molgas, uns metros despois de pasar o cruce de Marzas, collemos unha pista a mao esquerda.

Camiñaremos por ela uns 370 m e xa veremos un grupo de penedos de gran tamaño. Enriba dun deles con parte superior plana, atópase este petróglifo, formado por cazoletas aliñadas, e algunha de elas con círculos concéntricos arredor. Debido a que as gravuras están moi desgastadas, as fotos están retocadas dixitalmente para remarcar as zonas do petróglifo.

Petróglifo na Chouzana Salgueiros	
TIPO DE BEN:	Petróglifo
LUGAR:	A Chouzana/Salgueiros
PARROQUIA:	Armariz (San Salvador)
CONCELLO:	Xunqueira de Ambía
CRONOLOXÍA:	Idade do bronce
COORDENADAS:	42.2422224283218
	-7.7386450767517
DATA ACHADO:	27-06-2012
DESCUBRIDOR:	J.A.Gavilanes



HERDANZAS INÉDITAS NO CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS

LAMEIRA DE STA CRUZ

Coordenadas:

42.26984918117523,-7.815983891487122

Situación:

<http://m.google.es/u/m/z9pXCy>



DESCRICIÓN:

Penada granítica con cazoletas, atopouse casualmente ó estar á vista unha das pequenas cazoletas. Como se pode ver nas fotos, estaba enterrada case na súa totalidade. Limpouse un pouco a terra que a tapaba para verificar que era aquela marca e descubríronse varias coviñas máis.

Algunha das cazoletas están unidas entre si por sucros. Suponse que limpando algo máis a terra que cubre a laxe poderían aparecer máis gravuras.

Lameira de Sta Cruz	
TIPO DE BEN:	Petróglifo
LUGAR:	Sta Cruz
PARROQUIA:	A Carballeira (Santa Cruz)
CONCELLO:	San Cibrao das Viñas
CRONOLOXÍA:	Idade do bronce
COORDENADAS:	42.26984918117523
	-7.81598389148712
DATA ACHADO:	01-10-2011
DESCUBRIDOR:	J.A.Gavilanes

Posto en coñecemento do concello de San Cibrán das Viñas, este non amosou interese ningún, polo que está esquecido e sen dar a coñecer.

PAZOS DE SAN CLUDIO

Coordenadas:

42.297213077545166,-7.817051410675049

Situación:

<http://m.google.es/u/m/zfprGU>



DESCRICIÓN:

Trátase dun grupo formado por varias rochas con cazoletas, algunhas unidas entre si por sucros. Tamén se aprecia o que poden ser dúas cruces de termo medievais.

Unha das penadas presenta unha especie de chanzos e a forma do que semella a feitura dun pé humano. Este petróglifo é inédito e foi atopado de forma casual, informado o concello de San Cibrao das Viñas do achádeo non mostrou interese algún en coñecelo, nin sequera a súa situación.

Pazos de San Clodio	
TIPO DE BEN:	Petróglifo
LUGAR:	Pazos de San Clodio
PARROQUIA:	Pazos (San Clodio)
CONCELLO:	San Cibrao das Viñas
CRONOLOXÍA:	Idade do bronce
COORDENADAS:	42.297213077545166
	-7.817051410675049
DATA ACHADO:	17-08-2011
DESCUBRIDOR:	J.A.Gavilanes



ZONA ARAUXO

Coordenadas:
42.300006, -7.867344

Situación:
<http://m.google.es/u/m/dQdzOL>



DESCRICIÓN:

En zona próxima á tenda Arauxo, vemos un pequeno outeiro no que se atopa un grupo de penedas.

Na máis redonda e alta delas vemos dúas cazoletas e varios sucus formando unha especie de cadrado, e algunha marca máis.

Zona Arauxo

TIPO DE BEN:	Petróglifo
LUGAR:	Zona Arauxo
PARROQUIA:	San Cibrao das Viñas (San Ildefonso)
CONCELLO:	San Cibrao das Viñas
CRONOLOXÍA:	Idade do bronce
COORDENADAS:	42.300006
	-7.867344
DATA ACHADO:	04-06-2011
DESCUBRIDOR:	J.A.Gavilanes

HERDANZAS INÉDITAS NO CONCELLO DE ESGOS

PETRÓGLIFO PENEDA POMBALES-I

Coordenadas:
42.30986302053066, -7.731606960296631

Situación:
<http://goo.gl/maps/YCzVS>



DESCRICIÓN:

Peneda situada a carón da pista de entrada a unha granxa e rodeada dunha frondosa carballeira.

Ten unhas dimensións de 3,5m de longo por 2m de ancho. O petróglifo está formado por unha ducia de cazoletas que a maioría están concentradas nunha zona aínda que ten outras espalladas pola súa superficie. Son dun tamaño grande, uns 8cm de diámetro e bastante profundidade uns 5cm, aínda que algunha sexa de menor tamaño.

Petróglifo Peneda Pombales-I

TIPO DE BEN:	Petróglifo
LUGAR:	Pombales
PARROQUIA:	Vilar de Ordellas (Santa María)
CONCELLO:	Esgos
CRONOLOXÍA:	Idade do bronce
COORDENADAS:	42.30986302053066
	-7.73160696029663
DATA ACHADO:	2013-04-13
DESCUBRIDOR:	J.A.Gavilanes



PETRÓGLIFO PENEDA POMBALES-II

Coordenadas:
42.30939567089081,-7.7304428815841675

Situación:
<http://m.google.es/u/m/zSlApw>



DESCRICIÓN:

Peneda situada en lameiro próximo a unha granxa.

Ten unhas dimensións aproximadas de 4m de largo por 3,5m de ancho. O petróglifo podémolo ver en dúas zonas do penedo:

Zona 1: situada no lado sur, fórmana unhas cazole-
tas de pequeno tamaño moi desgastadas, vense
unhas 4 aliñadas cara o sur, de pequeno tamaño
(uns 3cm) e outras espalladas entre elas e algo máis
grandes.

Zona 2: na parte alta concéntranse varias cazoletas
de tamaños diferentes e incluso de formas non regu-
lares.

Petróglifo Peneda Pombales-II	
TIPO DE BEN:	Petróglifo
LUGAR:	Pombales
PARROQUIA:	Vilar de Ordelles (Santa María)
CONCELLO:	Esgos
CRONOLOXÍA:	Idade do bronce
COORDENADAS:	42.30939567089081
	-7.73044288158416
DATA ACHADO:	2013-04-13
DESCUBRIDOR:	J.A. Gavilanes

PETRÓGLIFO PENEDA LAMEIRO NOVO

Coordenadas:
42.30886459350586,-7.729691863059998

Situación:
<http://m.google.es/u/m/dpz9Q5>



DESCRICIÓN:

Peneda situada en lameiro próximo a unha granxa.

Ten unhas dimensións aproximadas de 8m de longo por 4m de ancho, sendo de pouca altura.
O petróglifo podémolo ver na zona máis alta do penedo.



Está formado por varias cazoletas de tamaño medio, case que todas aliñadas cara o sur.

Aínda que o penedo está moi erosionado intúense sucros circulares entre as cazoletas.

Petróglifo Peneda Lameiro Novo

TIPO DE BEN:	Petróglifo
LUGAR:	Lameiro Novo
PARROQUIA:	Vilar de Ordellas (Santa María)
CONCELLO:	Esgos
CRONOLOXÍA:	Idade do bronce
COORDENADAS:	42.30886459350586
	-7.72969186305999
DATA ACHADO:	2013-04-13
DESCUBRIDOR:	J.A.Gavilanes

PETRÓGLIFO PENEDA NO REGO

Coordenadas:

42.30729818344116,-7.728313207626343

Situación:

<http://m.google.es/u/m/ROtN5u>



DESCRICIÓN:

Curiosa peneda situada na zona coñecida como O Rego próxima a un depósito de auga.

Ten unhas dimensións aproximadas de 4m de largo por 80cm de ancho, tendo unha altura próxima a 2,5m. O petróglifo podémolo ver na zona máis alta do penedo, en tres zonas diferenciadas.

Na zona central ten varias cazoletas na parte alta, onde tamén podemos ve-lo que puido ser o encaixe dunha cruz ou cruceiro posiblemente de madeira.

Nos dous laterais, ademais de varias cazoletas de tamaño medio, 5cm aproximadamente, tamén ten uns sucros moi marcados e alongados.

Petróglifo Peneda no Rego

TIPO DE BEN:	Petróglifo
LUGAR:	O Rego
PARROQUIA:	Vilar de Ordellas (Santa María)
CONCELLO:	Esgos
CRONOLOXÍA:	Idade do bronce
COORDENADAS:	42.30729818344116
	-7.72831320762634
DATA ACHADO:	2013-04-13
DESCUBRIDOR:	J.A.Gavilanes



XA ESTÁ NA RÚA O NOVO NÚMERO DE "FOL DE VELENO. ANUARIO DE ANTROPOLOXÍA E HISTORIA"



Vimos de publica-lo novo número de **"Fol de Veleno. Anuario de Antropoloxía e Historia de Galiza"**. Dende onte mesmo xa está dispoñible nalgunhas librarías do país, pero se non queredes esperar ou non queredes quedarvos sen o voso exemplar podedes adquirilo tamén a través desta web, do noso facebook ou do noso correo de contacto infosaga@antropolox-iagalega.org.

Intentando mellorar cada ano, o anuario Fol de Veleno 2013 vén cun total de 200 páxinas e 16 artigos de temática variada pero todos eles de grande interese. Malia o incremento de páxina respecto o ano pasado (70 páxinas máis) co conseguinte incremento de custos, en vista da penosa situación económica decidimos mante-lo prezo do ano pasado, isto é 10 €, para facilita-la súa adquisición, na medida do posible, ó maior número de lectores. Por todo elo, tendo en conta as elevadísimas comisións de distribución e de venta, así como o

pequeno marxe comercial da publicación este ano vémonos obrigados a escoller un número reducido de librarías nas que estará dispoñible o noso anuario, primando, asemade, a súa distribución directa a través das nosas canles virtuais de comunicación. Tan só nos queda facer público o noso agradecemento a tódolos investigadores que colaboraron neste número e desexar que gocedes coa lectura de **"Fol de Veleno. Anuario de Antropoloxía e Historia de Galiza"**.

A SAGA NAS "II JORNADAS DAS LETRAS GALEGO-PORTUGUESAS"

Os compañeiros da SAGA Miguel Losada e Rafael Quintía participarán nas "II Jornadas das letras Galego-Portuguesas" que se celebrarán na vila portuguesa de Pitões das Júnias os vindeiros 11 e 12 de maio.

Dia 11 de Maio Sábado (Hora portuguesa)

12:00: Juntanza de irmandade, convívio e jantar na casa de Turismo Rural do Padre Fontes "Nossa Sra dos Remédios em Mourilhe"
16:00: Apresentação em Pitões das II Jornadas das Letras galego-portuguesas. Temática: "Lugares mágicos da Gallaecia".
16:30: Momentos poéticos
17:00: 1ª Palestra: António Alijó: "Árvores e pedras mágicas do mundo celta."
17:45: Momentos poéticos
18:00: 2ª Palestra: Rafael Quintia "Geografias míticas da Galiza e espaços hierofânicos. Mitos, rito e crença"
18:45: Momentos poéticos
19:00: Visita turística pela aldeia de Pitões
20:00: Ceia-Convívio na Taberna Celta

22:00: Atuação do Bruxo Queimam

Dia 12 de Maio Domingo (Hora portuguesa)

10:00: 3ª Palestra: Santiago Bernardez: "Os "Annála Ríoghachta Éireann" e as relações entre a Galiza e Éire na Idade Moderna"
10:45: Momentos poéticos
11:00: 4ª Palestra: Miguel Losada: "Os que termam do céu. Imagens da Sacralidade antiga ou quando o mundo era um templo."
11:45: Momentos poéticos
12:00: Conclusões e encerramento.
12:30: Momentos poéticos
13:00: Descanso
14:00: Comida num restaurante da aldeia
16:00: Roteiro e explicação pelos exteriores de Pitões





RESTAURACIÓN DE MUÍÑOS DE AUGA NO CONCELLO DE VILAR DE BARRIO

A SAGA colabora co autor do proxecto, o arquitecto técnico e especialista en restauracións de muíños tradicionais galegos Daniel Blanco Rivero, na divulgación e mellor coñecemento desta senlleira parte da cultura material galega a cal leva aparelhada unha enorme carga de contidos inmateriais.




A ninguén se lle oculta que hai poucos elementos patrimoniais con tanta capacidade para facer de ponto de encontro entre os mundos da cotidianidade e do imaxinario popular como os muíños. Abonda pensar tan só na multitude de creacións musicais galegas relacionadas con esta temática.






Mediante os datos tirados da Memoria descriptiva pertencente ó proxecto de intervención asinado por Daniel Blanco podemos viaxar, coma a auga, polo interior dun muíño do Macizo Central Galego.

Este é pois o léxico e as imaxes relacionadas coa intervención nun muíño de cubo o cal podemos ver radiografado nestes datos e imaxes extraídos da memoria descriptiva correspondente ó do lugar de Prado, Concello de Vilar de Barrio, Ourense.

Co noso agradecemento ó autor e colaborador da SAGA."



ESTADO REFORMADO





"SEMENTEIRA DO CENTO". NOVO DOCUMENTAL DA SAGA

Estamos en plena gravación do terceiro documental da SAGA para os amigos da asociación Vaipolorío. Este traballo audiovisual, que corre a cargo do compañeiro João Bieites, leva por título "Sementeira do centeo" e completa a triloxía adicada ós labores do campo na contorna do val do río Tomeza.



V REUNIÓN CIENTÍFICA DE LA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE ANTROPOLOGÍA Y ODONTOLOGÍA FORENSE. Segunda Circular-Programa preliminar.

Scientific Meeting of Spanish Association of Forensic Anthropology and Odontology. Second Announcement-Preliminary Program

Novos avances da organización da V Reunión científica de Antropoloxía e Odontoloxía forense. Vealiquí o texto que remite á SAGA, en calidade de entidade colaboradora, o Comité Organizador galego para a súa difusión.

Extraordinarias ponencias con especialistas do máximo nivel. Todo un luxo para os interesados no coñecemento e na cultura científica que se desenvolverá en Galicia neste próximo verán e que aportará novos elementos de xuízo e reflexión dende a perspectiva forense, mais con evidentes implicacións noutros eidos relacionados, como a arqueoloxía ou a antropoloxía cultural.



ORGANIZA:

Asociación Española de Antropología e Odontología forense
Instituto de Medicina Legal de Galicia. Unidade de Antropoloxía Forense

PATROCINADORES

Concello de Monterrei, Deputación de Ourense, Hospital de Verín (Servizo Galego de Saude), Xunta de Galicia, Concello de Verín.

COMITÉ ORGANIZADOR:

Fernando Serrulla, Herminia Blanco, Miguel Serrulla, Yesica Medeiros

COMITÉ CIENTIFICO

Jose Luis Prieto, Francisco Etxeberria, Miguel Botella, Mercè Subirana, Cruz Valero

INSCRIPCIONES

La inscripción da derecho a asistir a todas las sesiones científicas, a presentar los poster o comunicaciones que desee así como a la cena del primer día. La cuota general de inscripción es de 35 € que se aplicará a todos los inscritos antes del 31 de mayo excepto a los estudiantes y profesionales en desempleo que abonarán 10 €, los que se inscriban después del 31 de mayo que abonarán 45 € y los asociados a la AEAOF cuya cuota de inscripción será sufragada por la AEAOF.

Los que deseen inscribirse deberán remitir la ficha de este documento debidamente cumplimentada por correo electrónico o fax antes del día 15 de junio de 2013, pasada ésta fecha no se admitirá ninguna inscripción.

COMUNICACIONES ORALES y POSTERS

Para presentar un poster o comunicación es necesario que al menos un autor esté inscrito en la reunión. Los resúmenes de las comunicaciones y pósters deberán remitirse en español e inglés por correo electrónico en el modelo añadido al final y antes del 31 de mayo de 2013. Comunicaciones y posters se presentarán preferentemente bajo el esquema de Introducción, Objetivos, Material y Métodos, Resultados y Conclusiones.